

visto pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, o que xustifica o uso deste mecanismo normativo excepcional constitucionalmente previsto.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta da ministra de Educación e Ciencia e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de xuño de 2005,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.*

O punto 1 da disposición transitoria quinta da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, modifícase nos seguintes termos:

«1. Os que á entrada en vigor desta lei se encontren contratados en universidades públicas como profesores asociados poderán permanecer na súa mesma situación consonte a lexislación que lles viña sendo aplicable, ata a finalización dos seus actuais contratos. Non obstante, os devanditos contratos poderán ser renovados conforme a devandita lexislación, sen que a súa permanencia nesta situación se poida prolongar alén do comezo do curso académico 2008-2009.

A partir dese momento, só poderán ser contratados nos termos previstos nesta lei. Non obstante, no caso dos profesores asociados que estean en posesión do título de doutor, para seren contratados como profesores axudantes doutores non lles resultará aplicable o disposto no artigo 50 sobre a desvinculación da universidade contratante durante dous anos.».

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento regulamentario.*

Facúltase o ministro de Educación e Ciencia para ditar, na esfera das súas atribucións, cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación do disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira segunda. *Carácter básico.*

Este real decreto lei ten carácter básico e dítase ao abeiro das competencias que lle corresponden ao Estado consonte o artigo 149.1.18.^a e 30.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas e o réxime estatutario dos seus funcionarios e a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais e normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución, co fin de garantir o cumprimento das obrigas dos poderes públicos nesta materia.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 6 de xuño de 2005.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

9608 *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 2296/2004, do 10 de decembro, polo que se aproba o Regulamento sobre mercados de comunicacións electrónicas, acceso ás redes e numeración. («BOE» 137, do 9-6-2005.)*

Advertidos erros no Real decreto 2296/2004, do 10 de decembro, polo que se aproba o Regulamento sobre mercados de comunicacións electrónicas, acceso ás redes e numeración, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 1, do 1 de xaneiro de 2005, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 241, primeira columna, no artigo 34, parágrafo segundo, onde di: «...os plans nacionais numeración...», debe dicir: «...os plans nacionais de numeración...».

Na páxina 246, segunda columna, nos números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 9 e 10 do anexo II, onde di: «operador dominante», debe dicir: «operador obrigado».

Na páxina 247, primeira columna, no punto I.2 do anexo II, onde di: «2. Situación, número e dispoñibilidade de bucles rango de numeración...», debe dicir: «2. Situación, número e dispoñibilidade de bucles, rango de numeración...».

Na páxina 247, primeira columna, no punto II.1 do anexo II, onde di: «...repartidores principais, concentradores puntos de distribución distantes...», debe dicir: «...repartidores principais, concentradores, puntos de distribución distantes...».

MINISTERIO DE EDUCACIÓN E CIENCIA

9714 *ORDE ECI/1712/2005, do 2 de xuño, pola que se modifica a Orde ECI/3686/2004, do 3 de novembro, pola que se ditan normas para a aplicación do Real decreto 285/2004, do 20 de febreiro, polo que se regulan as condicións de homologación e validación de títulos estranxeiros de educación superior. («BOE» 138, do 10-6-2005.)*

Polo Real decreto 285/2004, do 20 de febreiro, foron reguladas as condicións de homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación superior. De acordo coa súa disposición derradeira cuarta, esta norma debería ter entrado en vigor aos seis meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», efectuada o día 4 de marzo de 2004.

Porén, antes de que finalizase ese período de «vacatio», publicouse o Real decreto 1830/2004, do 27 de agosto, polo que se estableceu un novo prazo para a entrada en vigor de determinados artigos do Real decreto 285/2004, referidos a dous aspectos: o procedemento de homologación a graos académicos, regulado nos artigos 1.b), 3.b), 18, 19, 20 e 21 do Real decreto 285/2004, e a constitución dos comités técnicos a que se referían os seus artigos 10, 11, 12 e 13.b).

Por tanto, o 5 de setembro de 2004 entrou en vigor o Real decreto 285/2004, excepto nos dous aspectos sinalados, que non o debían facer ata o 1 de marzo de 2005.

En consecuencia, cando foi ditada polo Departamento a Orde ECI/3686/2004, do 3 de novembro, para regular os modelos normalizados de solicitude, a documentación xustificativa do contido da petición e os requisitos a que se deben axustar os documentos necesarios para iniciar o procedemento, así como os modelos de credenciais en que se deben formalizar as resolucións de homologación, todo iso en cumprimento do disposto nos artigos 7.2 e 16.1 do Real decreto 285/2004, a devandita orde non recollía o referido ao procedemento de homologación a grao académico, toda vez que este non entrara en vigor.

O novo Real decreto 309/2005, do 18 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 285/2004, pretende adecuar a regulación da homologación de títulos estranxeiros á nova estrutura das ensinanzas universitarias españolas instaurada polos reais decretos 55/2005 e 56/2005, ambos do 21 de xaneiro, ademais de establecer o período transitorio en que o vixente sistema será progresivamente substituído polo novo, definido nos devanditos reais decretos.

Por tanto, resulta necesario, dunha parte, incluír na Orde ECI/3686/2004 as previsións sobre modelo de solicitude, documentos preceptivos e modelo de credencial, referidas ao procedemento de homologación a grao académico, que xa entrou en vigor e, doutra, adecuar a devandita orde ás novidades introducidas polo Real decreto 309/2005, especialmente a atribución ás universidades da competencia para a homologación aos títulos e graos de posgrao, mantendo ao mesmo tempo os obxectivos de simplificación das exixencias de achega documental, que caracterizan a orde que se modifica.

Na súa virtude, en uso da competencia atribuída polos artigos 7.2 e 16.1, e pola disposición derradeira terceira, do Real decreto 285/2004, do 20 de febreiro, polo que se regulan as condicións de homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación superior, modificado por Real decreto 309/2005, do 18 de marzo, e logo de aprobación do ministro de Administracións Públicas, dispoño:

Punto primeiro. *Modificación da Orde ECI/3686/2004, do 3 de novembro.*—Modifícase a Orde ECI/3638/2004, do 3 de novembro, pola que se ditan normas para a aplicación do Real decreto 285/2004, do 20 de febreiro, polo que se regulan as condicións de homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación superior, nos termos que se establecen a continuación:

1. O actual subpunto 2 do punto primeiro pasa a numerarse como subpunto 4, e inclúense dous novos subpuntos, números 2 e 3, coa seguinte redacción:

«2. As solicitudes de homologación de títulos estranxeiros de educación superior a graos académicos universitarios españois axustaranse ao modelo que se publica como anexo I.bis á presente orde.

3. Ambos os modelos se poderán modificar por resolución do secretario xeral técnico do departamento para adecualos ás modificacións que se poidan producir na estrutura e denominación das ensinanzas universitarias españolas, ou ben para adecualos a eventuais cambios nas normas que afecten a organización do departamento, a homologación de títulos estranxeiros ou o procedemento administrativo.»

2. A frase inicial do punto segundo queda redactada como segue:

«Segundo. *Documentos preceptivos.*—As solicitudes de homologación a títulos ou graos académicos universitarios españois deberán ir acompañadas dos seguintes documentos:»

3. Engádese unha nova alínea d) ao mesmo punto segundo, coa seguinte redacción:

«d) Acreditación do aboamento da taxa correspondente, de acordo co disposto no artigo 28 da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.»

4. Suprímese o punto terceiro.

5. O punto cuarto queda redactado da seguinte maneira:

«O órgano instrutor poderá requirir, ademais, outros documentos que considere necesarios para a acreditación da equivalencia entre a formación conducente á obtención do título estranxeiro achegado e a que se exige para a obtención do título ou grao académico español co cal se pretende homologar, incluíndo, se é o caso, os programas das disciplinas en que se reflecta o contido e a amplitude con que foron cursadas, ou a documentación académica acreditativa de ter superados, na súa totalidade, os estudos exixidos para o acceso a aqueles cursados para a obtención do título cuxa homologación se solicita.»

6. A letra c) do punto quinto queda redactada como segue:

«c) Deberán ir acompañados, se é o caso, da súa correspondente tradución oficial para o castelán. En principio, non será necesario achegar tradución oficial dos documentos complementarios a que se refire o punto cuarto desta orde, sempre que iso non impida a súa adecuada valoración.»

7. O punto oitavo queda redactado da seguinte maneira:

«Oitavo. *Resolución.*—A resolución do procedemento, que se ditará de acordo co sinalado nos artigos 14 e 20 do Real decreto 285/2004, segundo proceda, será realizada polo ministro de Educación e Ciencia ou polo órgano en quen delegue.»

8. O subpunto 1 do punto noveno queda redactado da seguinte maneira:

«1. As resolucións polas que se conceda a homologación de títulos estranxeiros de educación superior formalizaranse mediante credencial expedida pola Subdirección Xeral de Títulos, Validacións e Homologacións do departamento. Cando a homologación quedase condicionada á previa superación de requisitos formativos complementarios, a credencial expedirase cando se acreditase ante o órgano instrutor o cumprimento dos devanditos requisitos. As credenciais axustaranse aos modelos que se publican como anexos II e III da presente orde, segundo se trate de homologación a un título español do Catálogo de títulos universitarios oficiais, ou de homologación a un grao académico universitario español.»

9. Engádese un novo anexo I.bis, que se publica como anexo 1 da presente orde.

10. Engádese un novo anexo III, que se publica como anexo 2 da presente orde.

Punto segundo. *Aplicación.*—Autorízase o secretario xeral técnico do departamento para ditar as instrucións necesarias para a aplicación da presente orde.

Punto terceiro. *Entrada en vigor.*—A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 2 de xuño de 2005.

SAN SEGUNDO GÓMEZ DE CADIÑANOS

Sres. Subsecretario e Secretario Xeral Técnico.

ANEXO I



MINISTERIO
DE EDUCACIÓN
Y CIENCIA

SUBSECRETARÍA

SECRETARÍA GENERAL
TÉCNICA

SOLICITUDE DE HOMOLOGACIÓN DE TÍTULO ESTRANXEIRO
DE EDUCACIÓN SUPERIOR A UN

GRAO ACADÉMICO ESPAÑOL

Páx. 1 (anverso)

1. DATOS DO/A SOLICITANTE

Apelidos	Nome
Lugar e data de nacemento	Nacionalidade
Nº do documento nacional de identidade (DNI), pasaporte ou número de identidade de estranxeiro (NIE)	

2. DATOS DO/A REPRESENTANTE (só en caso de actuar mediante representación)

Apelidos	Nome
Nº do documento nacional de identidade (DNI), pasaporte ou número de identidade de estranxeiro (NIE)	

3. DATOS RELATIVOS Á SOLICITUDE

Solicitude de homologación do título de:	
Outorgado pola Universidade / Centro de educación superior de (<i>denominación, localidade e país</i>):	
Ao grao académico español de:	
<input type="checkbox"/> DIPLOMADO	<input type="checkbox"/> LICENCIADO

4. DATOS RELATIVOS Á NOTIFICACIÓN

Para efectos de notificacións, o interesado / representante (<i>risca</i> o <i>que non proceda</i>) sinala o seguinte domicilio:		
Avda., rúa ou praza e número	Localidade	Código postal
Provincia	País	Teléfono

Esta solicitude realízase ao abeiro do establecido no Real decreto 285/2004, do 20 de febreiro, polo que se regulan as condicións de homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación superior (BOE do 4 de marzo), modificado polo Real Decreto 309/2005, do 18 de marzo (BOE do 19), **xuntándose os documentos relacionados no dorso.**

Lugar e data	Sinatura

SR. MINISTRO DE EDUCACION E CIENCIA
Subdirección Xeral de Títulos, Validacións e Homologacións
Paseo del Prado, 28. 28071-Madrid



MINISTERIO
DE EDUCACIÓN
Y CIENCIA

SUBSECRETARÍA

SECRETARÍA GENERAL
TÉCNICA

SOLICITUDE DE HOMOLOGACIÓN DE TÍTULO ESTRANXEIRO DE EDUCACIÓN SUPERIOR A UN GRAO ACADÉMICO ESPAÑOL

Páx. 2 (reverso)

NOME DO/A SOLICITANTE:

DOCUMENTOS que se xuntan a esta solicitude (de acordo coa Orde , "Boletín Oficial del Estado" de)

<input type="checkbox"/>	Copia compulsada do documento que acredite a identidade e nacionalidade do solicitante, expedido polas autoridades competentes do país de orixe ou de procedencia ou polas autoridades españolas competentes en materia de estranxeiría. No caso dos cidadáns españois, fotocopia compulsada do documento nacional de identidade.	
<input type="checkbox"/>	Copia compulsada do título cuxa homologación se solicita.	<input type="checkbox"/> Tradución oficial (se é o caso)
<input type="checkbox"/>	Copia compulsada da certificación académica dos estudos realizados polo solicitante para a obtención do título cuxa homologación se solicita.	<input type="checkbox"/> Tradución oficial (se é o caso)
<input type="checkbox"/>	Acreditación do pagamento da taxa, de acordo co artigo 28 da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social (BOE do 31).	
<input type="checkbox"/>	Outros (<i>especificar</i>):	

Notificación telemática:

<input type="checkbox"/>	<p>Sinalar este recadro no caso de opción pola notificación por medios telemáticos a que se refire o capítulo IV do Real decreto 263/1996, do 16 de febreiro, polo que se regula a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas pola Administración xeral do Estado (BOE do 29), en redacción dada polo Real decreto 209/2003, do 21 de febreiro, que regula os rexistros e as notificacións telemáticas (BOE do 28), desenvolvido pola Orde PRE/1551/2003, do 10 de xuño (BOE do 13).</p> <p>Esta opción queda condicionada á efectiva implantación no departamento do sistema a que se refire o devandito real decreto e as súas normas de desenvolvemento, e require dispoñer do endereço electrónico único, proporcionado por un prestador do servizo de endereço electrónico único de acordo coa Orde PRE/1551/2003, do 10 de xuño (BOE do 13), e construída a partir dun endereço electrónico cuxa titularidade lle corresponde ao Ministerio de Administracións Públicas. Non se admitirán enderezos de correo electrónico que non cumpran cos ditos requisitos como endereço electrónico único.</p> <p>Endereço electrónico único:</p>
--------------------------	---

Lugar e data	Sinatura

ANEXO 2

Novo anexo III da orde que se modifica

De conformidade co disposto no Real decreto 285/2004, do 20 de febreiro, polo que se regulan as condicións de homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación superior (BOE do 4 de marzo), o ministro de Educación e Ciencia acordou:

Que o título de (título estranxeiro), obtido por (nome e apelidos), nacido o (data de nacemento), de nacionalidade (...), na (universidade ou centro de educación superior) de (localidade e país) quede homologado ao grao académico de (grao académico co que se concede a homologación).

Esta homologación concédelle ao título estranxeiro indicado os mesmos efectos do grao académico universitario español co cal se homologa, en todo o territorio nacional. Non supón en ningún caso a homologación a un título concreto dos incluídos no Catálogo de títulos universitarios oficiais, nin produce os efectos profesionais que a normativa vixente lles reserva exclusivamente a estes.

Na súa virtude, esta Subdirección Xeral de Títulos, Validacións e Homologacións expide a presente credencial, que acredita os efectos da devandita homologación desde a súa data de expedición.

Madrid, -O subdirector xeral,

(N.º de inscrición na sección especial do Rexistro Nacional de Títulos)

MINISTERIO DE XUSTIZA

9874 *REAL DECRETO 685/2005, do 10 de xuño, sobre publicidade de resolucións concursais e polo que se modifica o Regulamento do Rexistro Mercantil, aprobado polo Real decreto 1784/1996, do 19 de xullo, en materia de publicidade rexistral das resolucións concursais. («BOE» 139, do 11-6-2005.)*

A adecuada publicidade do concurso de acredores ten grande importancia para o cumprimento dos fins da institución concursal. Esta importancia explica que a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, dedícase especificamente a esta materia tres artigos (artigos 23, 24 e 198) e que sexan abundantes as referencias á publicidade que aparecen dispersas no articulado. En primeiro lugar, a lei trata de asegurar a publicidade simplemente informativa ou «publicidade-noticia» da declaración do concurso e doutras resolucións que se diten ao longo do procedemento (artigo 23); en segundo lugar, exige a correspondente constancia rexistral nos rexistros xurídicos de persoas e de bens (artigo 24); e, en fin, prevé a existencia dun sistema que «asegure o rexistro público das resolucións ditadas en procedementos concursais declarando concursados culpables e acordando a designación ou inhabilitación dos administradores concursais» a través do Ministerio de Xustiza (artigo 198). Para a organización e funcionamento deste sistema atribúeselle ao Goberno unha ampla marxe de discrecionalidade.

É certo que non se pode nin se debe confundir a publicidade rexistral das resolucións concursais inscrites

nos rexistros de persoas a que se refire o artigo 24 e concordantes da Lei 22/2003, do 9 de xullo, coa publicidade simplemente informativa prevista no seu artigo 198. O seu contido é diferente por dar a coñecer distintos tipos de resolucións concursais e porque os efectos xurídicos dunha e outra non son coincidentes. A inscrición nun rexistro público reviste o inscrito do carácter de verdade oficial, de maneira que o Estado protexe o terceiro que confía na aparencia tabular. Como é obvio, o rexistro de resolucións concursais proporciona unha parcial publicidade informativa legal que non sule a que subministran os rexistros de persoas nin pode aspirar a cumprir a súa función.

Con todo, non é menos certo que é tan lexítimo como razoable o propósito de asegurar mediante unha única plataforma técnico-informática a transparencia informativa e a divulgación estatística máis completas posibles de toda a información concursal relevante para o tráfico. Mal servizo prestaría á seguridade xurídica e á transparencia o deseño adicional doutro «rexistro» (e este moi parcial, dado o minguado contido específico que determina o artigo 198 da Lei 22/2003, do 9 de xullo) con que complicar aínda máis o fragmentado e desarticulado panorama rexistral español. Preténdese que a publicidade sexa coherente e útil para os interesados; e preténdese tamén que, a través dun coordinado sistema de publicidade, as resolucións xudiciais máis significativas do curso de acredores se poidan difundir por «medios telemáticos, informáticos e electrónicos, na forma que regulamentariamente se determine», como sinala de modo expreso a lei, garantindo, ao mesmo tempo, a seguridade e a integridade das comunicacións (artigo 23).

Antes que regular un novo rexistro, neste real decreto deséñase un procedemento que asegura unha publicidade coordinada de toda a información concursal relevante (no só a das resolucións que declaren concursados culpables e acorden a designación ou inhabilitación dos administradores concursais) calquera que sexa a natureza ou forma xurídica do concursado, persoa física ou xurídica, fose ou non inscrite o devandito concursado no Rexistro Mercantil. Para tal fin, dáselles carta de natureza a dous portais distintos na internet: o portal xestionado polo Colexio de Rexistradores da Propiedade, Bens Móbiles e Mercantís de España, onde se publican as resolucións concursais inscrites nos rexistros de persoas, e o portal baixo a responsabilidade do Ministerio de Xustiza, que informa do contido das resolucións concursais referidas no artigo 198 da Lei 22/2003, do 9 de xullo. Por razóns obvias, a difusión informativa das resolucións inscrites nos rexistros de persoas diferentes do Rexistro Mercantil advertirá da posible ineficacia substantiva derivada da non-inscrición naqueles.

O real decreto non só garante o acceso público e gratuito en equivalentes condicións aos dous sistemas de publicidade legal na internet das resolucións concursais, senón que tamén asegura a súa coordinación. A articulación de ambos os sistemas rexistrais conséguese mediante o deseño dun circuíto de transferencia de información que parte do correspondente órgano xurisdiccional, pasa pola oficina local do Rexistro Mercantil que procesa e tramita a información xudicial e chega á unidade central encargada da xestión do portal. Para conseguir que se poida procesar toda a información concursal (non só a inscrite no Rexistro Mercantil), engádeselle unha nova función ao elenco das funcións rexistrais enumeradas no artigo 2 do Regulamento do Rexistro Mercantil, aprobado polo Real decreto 1784/1996, do 19 de xullo. En efecto, a pluralidade de rexistros públicos ou, se se prefire, a fragmentación da publicidade rexistral de persoas xurídicas (rexistros central e autonómicos de fundacións, asociacións, cooperativas, sociedades agrarias de transformación, etc.), aconsellou articular a través do Rexistro Mercantil a inserción na rede das resolucións